

## Informe Cuadrimestral nº 57 (maio-agosto de 2023)

Neste informe recóllense os principais feitos e actividades acontecidos no período de maio a agosto de 2023 relacionados coa ETSE. Neste período celebráronse dúas Xuntas de Escola extraordinarias o 1 de xuño e o 12 de xullo e unha ordinaria o 7 de xullo de 2023

### Persoal

3 de maio. Daniel Cores Costa asinou un contrato como profesor interino de substitución da área de coñecemento de ciencia da computación e intelixencia artificial.

11 de maio. Nomeamento como novo subdirector de Óscar Rodríguez, cesando como secretario da Etse. Noméase como novo secretario a Juan C. Vidal Aguiar.

19 de maio. Juan Manuel Lema, profesor emérito da USC, foi investido *doutor honoris causa* pola Universidade Autónoma de Barcelona (UAB) sendo o primeiro *honoris causa* da Escola de Enxeñaría da UAB nos seus máis de vinte anos de historia.

15 de xuño. Fernando Rafael Pardo Seco asinou un contrato como Profesor Contratado Doutor da área de coñecemento de Electrónica.

14 de xullo. Pablo Quesada Barriuso asinou un contrato como Profesor Contratado Doutor da área de coñecemento de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores.

17 de xullo. A profesora do departamento de Enxeñaría Química Isabel Vidal Tato, foi distinguida co ‘Excellence Award in Mentoring’ que outorga a ‘International Society of Automation’. Este é un premio ao labor de mentoría realizado coa International Society of Automation-Student Section University of Santiago de Compostela dende o ano 2009, un proxecto de fomento do liderado e das *soft skills* ou habilidades brandas que tamén abrangue a intensificación da formación en tecnoloxía para a automatización de procesos, e actividades *women-in-STEM*.

31 de agosto. José Manuel Navaza Dafonte, Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de enxeñaría química, cesa, por xubilación.

### Asuntos académicos

2 de maio. Convocatoria de prácticas en empresa para os estudantes do Máster de Intelixencia Artificial, curso 2023-24.

4 de maio. Asignación das prácticas en empresa do Máster en Visión por Computador.

10 de maio. Seis graos da Universidade de Santiago sitúanse entre os máis destacados do ‘Ránking das 50 Carreiras’: Enxeñaría Química ascende á cuarta posición.

12 de maio. Acto de Graduación XVII Promoción do Máster Universitario en Enxeñaría Ambiental (2021-23), sendo padriño o profesor Alberto Rojo Alboreca.

22 de maio. Convocatoria de prácticas en empresa para os estudantes de Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, curso 2023-24.

23 de maio. Asignación das prazas de prácticas en empresa do Grao en Enxeñaría Informática e do Grao en Enxeñaría Química para o período de verán.

26 de maio. Convocatoria de prácticas extracurriculares para estudantes do Grao en Enxeñaría Informática.

26 de maio. Convocatoria de prácticas en empresa do Máster en Enxeñaría Ambiental correspondentes ao curso 2023-24.

2 de xuño. Acto de graduación da XI Promoción do Grao en Enxeñaría Química, sendo padriños a profesora M<sup>a</sup> Angeles Val del Río e o profesor Enrique Roca Bordello.

6 de xuño. Renovación da acreditación ISO 45001.

12 de xuño. Sara Feijoo Moreira, egresada do Grao en Enx. Química da ETSE recibiu o Premio Nacional de Fin de Carreira de Enxeñaría Química, curso 2015-16.

22 xuño. O Máster en Enxeñaría Ambiental obtén un ano máis o 1º posto do Ranking El Mundo.

23 de xuño. Día Internacional da Muller na Enxeñaría con novas achegas ao espazo “Enxeñeiras Referentes da USC. A visión das nosas egresadas sobre a contribución da Enxeñaría Informática e da Enxeñaría Química aos #ODS.

26 de xuño. Defensa de TFM dos estudantes do Máster en Visión por Computador.

23 e 26 de xuño. Defensa de TFM dos estudantes do Máster en Enxeñaría Ambiental.

27 de xuño. Defensa de TFM dos estudantes do Máster de Computación de Altas Prestacións.

28 de xuño. Asignación das prácticas en empresa do Máster en Enxeñaría Ambiental.

4 de xullo. Asignación das prácticas en empresa do Máster en Intelixencia Artificial.

6 de xullo. Asignación das prácticas extracurriculares do Grao en Enxeñaría Informática.

6 de xullo. Asignación das prácticas en empresa do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

10 e 11 de xullo. Defensa do TFM dos estudantes do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos.

13 e 14 de xullo. Defensa de TFM dos estudantes do Máster en Tecnoloxías de Análise de Datos Masivos: Big Data.

17 de xullo. Segunda convocatoria de prácticas en empresa do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, curso 2023-24.

18 e 19 de xullo. Defensa de TFG do Grao en Enxeñaría Química.

20 de xullo. Defensa de TFG do Grao en Enxeñaría Informática.

20 de xullo. A USC distingue os esforzos cara a innovación docente desenvolvidos na ETSE, así como a “Enquisa de avaliación de competencias” como experiencia de boas prácticas.

21 de xullo. Acto de graduación da XIV Promoción do Grao en Enxeñaría Informática, sendo padriño José Varela Pet.

26 de xullo. Segunda convocatoria de prácticas en empresa do Máster en Enxeñaría Ambiental, curso 2023-24.

### Actividades

10 de maio. Conferencia: “Proxectos de IA en saúde” de Plexus Technologies. Poñente: Juan Martínez Neira, Director da área de Desenvolvemento de Plexus Tech, compañía galega con presenza en España, Portugal, UK e Polonia, en sectores como Saúde, banca, Seguros, Retail ou Industria e especializada en áreas como o desenvolvemento de software, arquitectura, data, IA, devops e seguridade.

11 de maio. Conferencia: Cetaqua, intelixencia artificial para el agua desde el agua. Poñente: Rafael Giménez responsable da área dixital de Cetaqua, que traballa na transferencia da Intelixencia Artificial de última xeneración a solucións operativas para mellorar a eficiencia do ciclo da auga e a xestión ambiental.

15 de xuño. Visita do SPR (Servizo de Prevención de Riscos) para o control de condicións

de traballo na Escola.

19, 20 e 21 de xuño Participación dos/as coordinadores/as dos Graos en Enxeñaría Química, Enxeñaría Informática e Intelixencia Artificial nos Encontros Virtuais na zona USC.

26 a 30 de xuño e 3 a 7 de xullo. Primeira edición do Campus Tecnolóxico. Esta iniciativa pretende promover o desenvolvemento na cativada de habilidades relacionadas coa linguaxe da programación e as novas tecnoloxías. Dirixido a nenos/as e mozos/as de entre 6 e 16 anos, contou con obradoiros de drones, domótica, IoT (Internet of Things) con Micro:Bit, talleres de Robótica con Lego,

Edison e Arduino, de programación de APPs e desenvolvemento de videoxogos ou fabricación dixital con impresoras 3D.

### Aula Profesional

8 a 25 de maio. “Gobernanza Ambiental e Empresas dende unha perspectiva ética”. Organizado por Francisco Omil Prieto. Poñentes: Cristina Gómez Román, Victoria Escuredo Merino, Gonzalo Mosqueira Martínez e Iván Seijo Maroño.

### Convenios de colaboración en Prácticas en empresas, Traballo Fin de Grao/Proxecto Fin de Carreira/Traballo Fin de Máster

AUTONEUM SPAIN	Tódalas titulacións da USC
CEMENTOS TUDELA VEGIN S.A.	Grao en Enxeñaría Química e Máster en Enxeñaría Ambiental
ENSO INNOVATION S.L.	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Ambiental e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos
FBRX ARTIFICIAL INTELLIGENCE S.L.	Máster en Intelixencia Artificial
ORGÁNICA DE SUSTRATOS S.L.	Máster en Enxeñaría Ambiental
ASOCIACIÓN GALEGA PROMOTORA DA CERTIFICACIÓN FORESTAL -PEFC GALICIA	Máster en Enxeñaría Ambiental
CENTRO TECNOLÓXICO DE GRUPO COPO S.L.U.	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Ambiental e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos
CEAMSA	Grao en Enxeñaría Química, Máster en Enxeñaría Ambiental e Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos
MERLÍN SOFTWARE S.L.	Graos e másteres da área de informática
APPENTRA SOLUTIONS S.L.	Graos e másteres da área de informática
AMS SOLUTIONS S.L.	Grao en Enxeñaría Informática e Grao en Intelixencia Artificial
HR NOMINAPRESS 360 S.L.	Graos e másteres da área de informática
ARZEOS AIRCRAFT S.L.	Graos e másteres da área de informática

### Visitas a empresas

12 de maio. Visita a EDAR de Guillarei dos estudantes das materias Ecoprocesos para o tratamento de augas e Tecnoloxías innovadoras do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos, cos profesores Juan M. Garrido Fernández e Anuska Mosquera Corral

29 de maio. Visita a EDAR de Vigo dos estudantes da materia Enxeñaría para o tratamento de augas do Máster en Enxeñaría Ambiental co profesor Francisco Omil Prieto.

### Outros

7 de xuño. O grupo de investigación en Sistemas Intelixentes, coordinado polo profesor da USC Alberto Bugarín, é recoñecido pola Real Academia Galega de Ciencias (RAGC) co galardón 'Fernando Calvet Prats' a un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía. Reciben o premio polo desenvolvemento dunha tecnoloxía en minaría de procesos e xeración de linguaxe natural referente a nivel mundial, proceso que culminou coa creación da spin-off InVerbis Analytics. A entrega do premio ten lugar o día 22 de xuño no Pazo de San Roque de Santiago.